

AXUDAS PARA LIBROS CURSO 16-17

INSTRUCCIÓN

Para o alumnado de **Educación Primaria** e Educación Secundaria Obrigatoria cunha renda per cápita familiar (por cada membro da unidade familiar) igual ou inferior a 9.000 euros*.

Novidades deste ano:

- 1.º e 2.º Curso:** Terán axudas con vale, igual que o ano pasado, os que teñan unha renda das arriba indicadas.
- 2.º, 3.º, 4.º, 5.º, 6.º Curso:** poden solicitar libros do fondo do colexio. Rendas menores ou iguais a 5.400€ recibirán 6 libros de texto; e as rendas maiores de 5.400 e inferiores ou iguais a 9.000€ (4 libros).
- 3.º A maiores:** todo o alumnado de Primaria (**de 1.º a 6.º**) con renda per cápita menor a 5.400,00€ pode solicitar **axuda de material de 50€**.
4. As solicitudes de ambas axudas irán nun **único impreso**, así como a de varios irmáns.
5. O alumnado ten a obriga de **conservar en bo estado os libros de texto** adquiridos na asúa integridade con cargo ao importe das axudas, así como **incorporalos**, ao rematar o curso escolar 2016/2017, **ao fondo solidario** que se constituirá no centro (banco de libros). Exclúese desta obriga ao alumnado de 1.º e 2.º de Educación Primaria, por ser material funxible.
6. Para solicitar estas axudas de libros e material o alumnado **está na obriga de devolver en bo estado** os libros empregados ao longo deste curso por cortesía de algunha das diferentes axudas (vale ou fondo, agás 1.º e 2.º).

Prazo de presentación:

Remata o 23 de xuño de 2016.

Contías das axudas para 1.º e 2.º de Educación Primaria:

- Renda per cápita familiar ata 5.400€: 170€.
- Renda per cápita familiar desde 5.400,01 ata 9.000,00€: 90€.

Documentación necesaria (autorizándose a consulta telemática dos datos):

- a) Anexo I cuberto e asinado por todos os membros. (*Descargar na páxina web ou solicitar en Dirección*).
- b) Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
- c) Sentenza xudicial en caso de separación.
- d) Certificado no caso de que se alegue minusvalía a partir dun 33% dalgún dos membros da uniade familiar.
- e) SE NON AUTORIZA A CONSULTA TELEMÁTICA DOS DATOS FISCAIS: FOTOCOPIA DO DNI.

Toda a documentación que se require, ten que ser anterior a 31 de decembro de 2014.

Máis información e instancias:

- DOG: Orde do 27 de abril de 2016 (DOG do 16 de maio).
- www..edu.xunta.gal
- Na páxina web do centro.

* Para os efectos do cálculo da renda familiar, sumarán os recadros 430 (base impositivo xeral) e 445 (base impositivo do aforro) da declaración da renda do 2014 e dividirase polo número de membros.